



BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DO CONCURSO PÚBLICO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A DEPORTISTAS DE ALTO NIVEL, DO CONCELLO DO CARBALLIÑO PARA O EXERCICIO 2021.

Primeira. Obxecto

1 O obxecto desta convocatoria é a regulación do procedemento para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a deportistas de alto nivel empadroados no Concello do Carballiño durante o exercicio de 2021, coa finalidade de contribuír ao mantemento dunha actividade deportiva ampla, orientada ao público en xeral e baseada principalmente nos conceptos de deporte-saúde e deporte para todos, así como o fomento e desenvolvemento das distintas disciplinas deportivas desde a súa base, para unha concienciación cara aos máis pequenos sobre importancia da práctica deportiva e da actividade física desde o punto de vista da saúde, como instrumento socializador e como alternativa á ocupación do tempo libre menos saudable.

2. Para os efectos desta convocatoria, considéranse deportistas de alto nivel os que reúnan os seguintes requisitos:

- Deportistas que desenvolvan actividades físico-deportivas que impliquen a práctica de disciplinas deportivas recoñecidas polas federacións deportivas con carácter competitivo e que participan campionatos e torneos a nivel autonómico, nacional ou internacional.

3. Quedan excluídas expresamente desta convocatoria, as seguintes actividades:

a) As actividades que polo seu carácter, non poden clasificarse como actividades físico-deportivas, conforme coa definición recollida no apartado 2 desta base.

b) As actividades que polas súas especiais características comporten a realización de actividades físicas que, pola súa intensidade, extensión temporal, sometemento a risco grave de accidente ou calquera ou outra característica, excedan dunha práctica deportiva normal e saudable. Aglutinar dentro desta categoría eventos que comportan deportes catalogados como "extremos", exhibicións de forzudos tipo *strongmen*, probas de atletismo de forza ou probas de resistencia de longa duración como carreiras de tipo ultratrail, triatlons de categoría *ironman*, ou probas cicloturistas de distancia excesiva e en xeral todas aquelas que comporten un risco para a saúde dos participantes ou mesmo do público en xeral (exhibicións de motos ou automobilísticas arriscadas entre público, etcétera...).

Segunda.- Beneficiarios

Poderán ser beneficiarios deste programa os deportistas de alto nivel que estean empadroados no Concello do Carballiño ou que realicen a súa actividade no Concello do Carballiño, supoñendo para esta vila un recoñecemento socio-deportivo polos logros deportivos acadados polo deportista en cuestión, ben por ser natural deste concello, ben porque o seu centro de adestramento e algún club ou ximnasio da vila, ben por estar empadroado na vila aínda que a súa actividade non a desenvolva expresamente na mesma. **Teranse en conta os méritos deportivos dende o 1 de xaneiro de 2020 ata o 30**





de novembro de 2021

Terceira.- Disponibilidades orzamentarias

O financiamento das subvencións reguladas na presente convocatoria realizaranse con cargo á aplicación con cargo os orzamentos 341.11 480.00 do Concello do Carballiño para o exercicio 2021. A contía total máxima estimada é de 2.000 € (dous mil euros).

Cuarta.- Contía máxima das subvencións

A contía das subvencións obxecto desta convocatoria consistirá nunha porcentaxe do orzamento da actividade; pode alcanzar, como máximo, o 70 % do custo estimado da actividade, **que pode abarcar dende o 1 de xaneiro de 2020 ata o 30 de novembro de 2021**, non podendo superar, en ningún caso, os cincocentos euros (500 €)

Quinta.- Solicitudes: lugar de presentación, prazos e documentación:

As solicitudes, subscritas polo interesado ou representante legal ou titor, irán dirixidas á Área de Deportes do Concello do Carballiño, mediante a presentación no Rexistro Xeral desta entidade ou a través de calquera outro medio dos previstos na Lei das administracións públicas e procedemento administrativo común.

Establécese como prazo máximo obrigatorio de presentación das solicitudes de **10 días naturais** contados a partir do día seguinte da publicación do extracto da convocatoria no BOP de Ourense.

As solicitudes deberán formularse achegando a seguinte documentación:

a) Documentación administrativa para presentar:

- 1.- Solicitud dirixida á Concelleira de Deportes do Concello do Carballiño.
- 2.- Copia cotexada do DNI do interesado, representante legal ou titor.
- 4.- Copia da licenza ou certificado da federación deportiva correspondente.
- 5.- Poder co que actúa o representante ou titor legal do deportista.
- 6.- Declaración responsable comprensiva de non estar incurso, o solicitante, nas prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei xeral de subvencións, incluíndo unha referencia expresa a circunstancia de estar ó día nas súas obrigacións tributarias e da Seguridade Social.
- 7.- Declaración do solicitante de subvención na que figure o conxunto de subvencións e axudas solicitadas para os mesmos fins, tanto as aprobadas ou concedidas, como as pendentes, sexan públicas ou privadas.
- 8.- Autorización para recibir a través de correo electrónico e/ou sms a comunicación de aviso do inicio do prazo de emenda de deficiencias materiais na documentación administrativa presentada, da publicación do anuncio de inicio do trámite de audiencia da proposta provisional de resolución, da publicación do acordo de resolución do concurso, e do aviso do inicio do prazo de emenda de deficiencias na documentación





presentada para a xustificación da subvención concedida.

a) Documentación para a valoración das solicitudes:

1.- Memoria deportiva xuntando todo tipo de información da disciplina deportiva na que participa o deportista así como os logros acadados na mesma.

2.- Orzamento de gastos e ingresos de actividade disgregado por conceptos.

Dada a natureza competitiva do procedemento de concesión de subvencións, a documentación valorable non será obxecto de trámite de emenda de deficiencias. Só será de aplicación á documentación administrativa o que isto comporta que se esta non se presenta en tempo non se terá en conta a presentación posterior de documentos unha vez vencido o prazo de presentación de solicitudes.

3.- Se é o caso, memoria do desenvolvemento en exercicios anteriores da mesma actividade para a que se solicita subvención, achegando recortes de prensa, fotos, información na web, datos sobre o desenvolvemento da actividade ou calquera información que sirva para constatar a evolución e incidencia social dos logros acadados polo deportista

Advirtese expresamente que non será obxecto de valoración, denegándoseles a concesión da subvención nos supostos en que os documentos presentados estean incompletos, teñan defectos esenciais que impidan ou dificulten gravemente a súa valoración ou conteñan datos ou previsións de difícil ou imposible realización.

4. Cada petionario da axuda deberá presentar unha solicitude.

Sexta .- Gastos subvencionables

Considérase gastos subvencionables aqueles que, estean incluídos nos conceptos recollidos no artigo 31 da Lei xeral de subvencións e formen parte do desenvolvemento dun evento deportivo como gastos inherentes e necesarios para a súa realización, tales como desprazamentos, material deportivo, aluguer de instalacións, gastos de manutención, seguros, gastos federativos ou calquera outro que sexa preciso para levar a cabo a actividade.

Terán a consideración de gastos subvencionables os gastos realizados entre o 1 de xaneiro de 2020 ata o 30 de novembro de 2021.

Expresamente, non terán tal consideración todos aqueles que, pola súa natureza, resulten desproporcionados cos obxectivos que se pretenden con este tipo de subvencións.

Sétima .- Procedemento de concesión

1. O procedemento de concesión será o de concorrencia competitiva.

2. As solicitudes remitiranse á Área de Deportes do Concello do Carballiño, para a instrución do expediente e comprobación da corrección da documentación administrativa achegada.

Unha vez examinada a documentación, concederase un prazo máximo e improrrogable de ata **6 días hábiles** para a corrección de deficiencias materiais na





documentación administrativa presentada.

Dado o carácter competitivo do procedemento, advírtese expresamente que en ningún caso se concederá prazo para a mellora da documentación valorable.

Ao amparo do disposto non artigo 43 dá LPA, o requirimento para emendar as devanditas deficiencias materiais realizaranse exclusivamente a través dá a súa publicación na páxina web <http://www.carballino.gal>.

1. Cando conclúa o trámite de emenda de deficiencias e cando o órgano instrutor, que estará formado polo coordinador deportivo municipal do Concello do Carballiño, instrúa o expediente, este emitirá un informe e remitírallo á Comisión de Valoración que formulará a proposta provisional de resolución conforme coas regras seguintes:

a) Con respecto os deportistas que non achegasen de modo completo e no prazo establecido a documentación administrativa, formularase proposta de non admisión a trámite das as súas solicitudes.

b) Con respecto ao resto de deportistas, propoñerase a súa admisión a trámite, e formularase a proposta de valoración das solicitudes conforme cos criterios recolleitos na base novena.

A proposta provisional de resolución expoñerase no taboleiro de anuncios do Concello do Carballiño e na web municipal, será sometida a trámite de audiencia aos interesados **por prazo de 5 días hábiles**. No caso de non presentar a autorización para realizar as comunicacións previstas nas bases, non se realizará ningún tipo de comunicación persoal, e notificarase unicamente a través do taboleiro de anuncios do Concello do Carballiño.

Durante o devandito prazo, os interesados poderán formular as alegacións que estimen oportunas fronte á proposta provisional. Ditas alegacións serán resoltas expresamente por Comisión de Valoración a través da proposta definitiva. No caso de non formularse alegacións, a proposta provisional considerarase definitiva, e continuarase coa tramitación conforme co disposto na base 10ª.

Oitava.- Comisión de Valoración

A Comisión de Valoración estará integrada polo concelleiro de deportes do Concello do Carballiño e o alcalde do Concello do Carballiño que, a través do órgano instrutor, emitirá informe propoñéndolle á Xunta de Goberno Local que solicitantes son os beneficiarios coas cantidades determinadas pola devandita comisión.

Será a Xunta de Goberno Local quen a proposta da Comisión de Valoración conceda as subvencións aos beneficiarios.

Os membros da comisión estarán suxeitos ás cláusulas de abstención e recusación previstas no Artigo 23 e 24 da Lei 40/2015 R. J.A. P.

Novena.- Criterios de valoración para a concesión de subvencións

Para a concesión das subvencións, así como para fixar a súa contía, a comisión de valoración terá en conta os seguintes criterios:





1) Categoría da proba:

- deportistas de alto nivel empadroados no Concello do Carballiño que participen en probas nacionais (10 puntos).
- deportistas de alto nivel empadroados no Concello do Carballiño que participen en probas federadas autonómicas ou provinciais (4 puntos).

2) Méritos deportivos:

- por conseguir algún triunfo, medalla ou resultado meritorio dentro dunha proba federada (5 puntos)
- Por mera participación nunha proba federada (2 puntos)

3) Recoñecemento:

- Polo impacto social da proba. Que se difundira nalgún medio de comunicación ou que se divulgara noutros medios como redes sociais ou outras (2 puntos). Para este caso é necesario achegar recorte de prensa, documentos impresos da rede divulgativa onde se fixo referencia a este feito, etc.

Unha vez valorados os proxectos das actividades realizadas, segundo os criterios de valoración anteriores, as contías definitivas que resulten obteranse de xeito proporcional á puntuación obtida. Ou sexa que para obter as contías, farase unha simple regra de tres tomando como base a máxima puntuación que se pode obter por proxecto ou actividade realizada.

A Comisión de Valoración, en atención ao número de proxectos solicitados, poderá establecer a necesidade de obter unha puntuación mínima para a concesión de subvencións. Se é o caso, os proxectos que obteñan unha puntuación inferior á mínima establecida pola comisión incluíranse na lista de reserva prevista na base 10ª.

Con independencia da súa valoración, en ningún caso se concederá a un proxecto unha subvención superior á da contía pedida na solicitude.

Décima. - Resolución

A proposta da Comisión de Valoración levarase á Xunta de Goberno Local do Concello do Carballiño, para á súa resolución. O prazo máximo de resolución será de quince días desde a finalización do prazo de corrección de deficiencias documentais, de ser o caso, ou desde a finalización do prazo de presentación de instancias. A falta de resolución expresa no devandito prazo terá o efecto dun acto presunto desestimatorio.

A resolución axustarase á proposta da Comisión de Valoración, excepto naqueles supostos en que a Xunta de Goberno considere que dita proposta incorre en infracción do disposto nestas bases ou na lexislación aplicable, nese caso solicitaralle á comisión,





tras os informes previos que considere oportunos, a formulación dunha nova proposta axustada nas bases e á normativa de aplicación. A comisión deberá formular esta nova proposta no prazo de quince días. En caso de non facelo así, a Xunta de Goberno resolverá conforme á proposta inicial, introducindo as modificacións precisas para garantir o cumprimento do establecido nas bases e na lexislación vixente.

Os beneficiarios poderán rexeitar a subvención concedida no **prazo de cinco días** desde a exposición do acordo de concesión no taboleiro de anuncios do Concello de Carballiño. No caso de que non se comunique de feito expreso o seu rexeitamento, entenderase que aceptan a subvención coa contía concedida. O incumprimento da obrigação de comunicar a renuncia á subvención, se é o caso, poderá ser considerada infracción administrativa, conforme co disposto no artigo 56 da Lei xeral de subvencións, dando lugar á incoación do correspondente procedemento sancionador.

No caso de haber solicitantes que, cumprindo cos requisitos establecidos nestas bases, non puidesen obter subvención debido ao esgotamento do crédito dispoñible coa concesión das subvención nas solicitudes que obtivesen maior puntuación, a resolución conterá unha relación ordenada destas solicitudes, para os efectos previstos no artigo 63.3 do Regulamento da Lei xeral de subvencións. No caso de producirse remanentes pola renuncia ou perda do dereito ás subvencións por parte dalgún beneficiario, a Xunta de Goberno, sen necesidade de proceder a unha nova convocatoria, poderá acordar a concesión da subvención que proceda ao seguinte ou seguintes solicitantes, por orde de puntuación.

O órgano competente, neste caso a Xunta de Goberno, á vista da proposta de resolución definitiva, resolverá o procedemento. A resolución, ademais do solicitante ou relación de solicitantes ós que se concede a subvención, fará constar, se é o caso, e de maneira expresa, a desestimación do resto das solicitudes. En todo caso expresarse o beneficiario e, o importe da subvención outorgada, o orzamento subvencionado e a finalidade ou investimento que constitúe o obxecto concreto da subvención outorgada e demais referencias relevantes. Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor recurso potestativo de reposición ante a propia Xunta de Goberno no prazo dun mes ou directamente ante o orde xurisdiccional contencioso-administrativo recurso Contencioso-Administrativo no prazo de tres meses dende a notificación da mesma.

Undécima.- Publicación do acordo de concesión

Ao amparo do disposto no artigo da Lei de réxime xurídico das administracións públicas o procedemento administrativo común, a resolución do procedemento non será obxecto de notificación individualizada aos afectados, senón que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello do Carballiño e na páxina web <http://www.carballino.gal> no apartado de subvencións. Sen prexuízo do anterior, aos solicitantes que presenten a autorización para realizar as comunicacións previstas nestas bases, realizaráselles unha comunicación persoal por sms ou correo electrónico, advertíndolles da publicación da resolución na páxina web <http://www.carballino.gal>. No caso de que non presente a autorización, non se realizará ningún tipo de comunicación persoal.





Décimosegunda.- Publicidade da subvención por parte do beneficiario

O beneficiario da subvención deberá adoptar medidas de difusión da subvención concedida, para darlle unha recoñecida publicidade ao carácter público do financiamento da súa actividade, debendo realizar como mínimo as seguintes medidas de difusión: inclusión da imaxe institucional do Concello do Carballiño ou dunha lenda alusiva ao feito de que a actividade está subvencionada por este concello nos carteis e materiais impresos da súa actividade e de ser o caso na páxina web da entidade e na páxina web de deportes indicada na base quinta.

En caso de incumprimento desta obrigaón, o Concello do Carballiño poderá ordenar a adopción das medidas alternativas previstas no artigo 31 do Regulamento de Lei xeral de subvencións. No caso de que se incumpran tamén estas medidas, o incumprimento da obrigaón poderá ser causa de perda do dereito á subvención ou do reintegro ata un importe do 20% da subvención concedida, importe que se determinará en función da gravidade do incumprimento.

Con todo, para esta convocatoria, non se esixirá o cumprimento desta obrigaón no suposto de actividades totalmente realizadas con anterioridade á resolución desta convocatoria.

Décimoterceira.- Xustificación e pago da subvención

1. A subvención xustifícase mediante a presentación dunha conta xustificativa, integrada polos seguintes documentos:

A) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

B) Relación clasificada dos gastos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe e data de emisión.

C) Relación detallada dos ingresos obtidos para a actividade.

De ser o caso, nas relacións sinaladas nos apartados B) e C) indicanse as desviacións aparecidas segundo o orzamento presentado coa solicitude, tanto no relativo aos ingresos como aos gastos.

D) Factura xustificativa dos gastos (ordinaria ou simplificada, de proceder esta última) en orixinal ou duplicado, ou copia cotexada do documento orixinal ou duplicado. O cotexo será realizado exclusivamente por funcionarios do Concello do Carballiño.

Con todo, a presentación de facturas poderá substituírse por outros documentos o gasto xustificarse segundo a Ordenanza de subvencións e os documentos xustificativos presentados, tales como facturas, recibos e demais documentos análogos, deberán reunir os requisitos que estableza a normativa fiscal vixente, en particular no que se refire á normativa do imposto sobre o valor engadido e do imposto sobre a renda das persoas físicas.





E) Certificación do número de conta expedida pola entidade financeira correspondente.

F) Acreditación das medidas de difusión adoptadas (mediante presentación de copia dos impresos nos que figuren ditas medidas de difusión) ou da súa inclusión na páxina web da entidade (indicando a dirección da devandita páxina web, para a súa comprobación por servizos provinciais).

1. Ao amparo do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considérase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pagamento fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. Non será necesario acreditar a realización do pago na conta xustificativa.

Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en exixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obrigación dará lugar á obrigación do reintegro por parte do beneficiario, así como a imposición das sancións que procedan.

2. A conta xustificativa presentarase conformada **polo solicitante**.

3. Para considerar xustificada a execución do proxecto ou programa de actividades, a conta xustificativa presentada deberá acreditar a súa realización completa, independentemente de que o importe da subvención concedida sexa inferior ao orzamento total do proxecto ou programa. No suposto en que só se xustifique a súa execución parcial, a subvención reducirase proporcionalmente, excepto nos supostos en que a redución supoña o total incumprimento da finalidade da subvención, nos que procederá a perda total do dereito á subvención.

4. De advertirse deficiencias de carácter emendable na conta xustificativa, concederase un prazo de tres días hábiles para a súa emenda. Ao amparo do disposto no artigo 45 da LPA, o requirimento para emendar as devanditas deficiencias materiais realizarase exclusivamente a través da súa publicación na páxina no taboleiro de anuncios do concello ou a web <http://www.carballino.gal>.

No caso de non presentar a autorización para realizar as comunicacións previstas na base 5 non se realizará ningún tipo de comunicación persoal, notificándose unicamente e en todo caso, na antedita páxina web.

5. Se a conta xustificativa se presenta correctamente, mediante resolución da Área de Deportes do Concello do Carballiño declararase xustificada a subvención, o que se lles notificará aos interesados con indicación dos recursos que procedan. No suposto no que se advirta, o trámite de xustificación da subvención, a falta total ou parcial da xustificación exixible, procederase á iniciación do expediente de perda do dereito á subvención que corresponda. No suposto de procedementos de perda do dereito á subvención de carácter parcial, estes tramítanse de feito acumulado co procedemento de xustificación, resolvéndose nun único acto administrativo todas as cuestións que suscite o expediente.





6. A competencia para declarar xustificada ou non unha subvención, así como para o exercicio das accións de reintegro, a declaración da perda do dereito á subvención e para o exercicio da potestade sancionadora, corresponderalle ao concelleiro de deportes do Concello do Carballiño.

7. Sen prexuízo do anterior a Intervención do Concello do Carballiño poderá esixir aqueles documentos ou xustificantes complementarios que, motivadamente, considérense oportunos para unha fidedigna acreditación da realización do gasto.

8. A xustificación deberá realizarse ante a Área de Deportes do Concello do Carballiño para as subvencións concedidas.

Décimocuarta.- Obrigacións dos beneficiarios

Con carácter xeral, os beneficiarios asumirán todas as obrigacións impostas pola Lei xeral de subvencións. En particular, quedan suxeitos ás obrigacións de control financeiro e reintegro nos casos previstos na devandita lei, así como as obrigacións de publicidade.

Décimoquinta.- Compatibilidade con outras axudas ou subvencións públicas ou privadas

As subvencións concedidas ao amparo desta convocatoria NON son compatibles con outras axudas ou subvencións públicas, concedidas por administracións distintas do propio Concello do Carballiño ou aportadas por entidades ou empresas privadas para os mesmos gastos ou mesmo fin.

Décimosexta.- Reintegro ou perda do dereito á subvención.

En caso de incumprimento da entidade por algunha das causas previstas no artigo 37 da Lei xeral de subvencións, procederase á tramitación dun expediente de reintegro ou, se é o caso, de perda do dereito á subvención concedida. A obrigación de reintegro ou a perda do dereito podería ser total ou parcial, en función da gravidade do incumprimento do beneficiario, graduándose de acordo co principio de proporcionalidade. En todo caso, o reintegro incluírá sempre e como mínimo os importes cuxo gasto non se xustificase en prazo. Nos supostos nos que da contía xustificativa se deduza que a actividade obtivo subvencións por importe superior ao 100% do seu custo, o Concello do Carballiño reducirá proporcionalmente a axuda concedida na contía necesaria.

Unha vez tramitado o expediente de reintegro ou perda do dereito a subvención, concederáselle ao interesado un prazo de quince días hábiles para que poida comparecer no expediente, tomar audiencia e, á vista deste, propoñer as probas e realizar as alegacións que estime convenientes. Concluídas estas actuacións e emitidos os informes oportunos, a Xunta de Goberno ditará a resolución que corresponda.

Décimosétima.- Normativa supletoria





En todo o non disposto nestas bases seralles de aplicación a presente convocatoria e as subvencións que se concedan, ao seu amparo do disposto na normativa de subvencións aplicable a administración local, así como na lexislación vixente en materia de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común de conformidade co disposto na disposición transitoria terceira, apartado a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.





BASES REGULADORAS DE LA CONVOCATORIA DE CONCURSO PÚBLICO PARA LA CONCESIÓN DE AYUDAS A DEPORTISTAS DE ALTO NIVEL DEL AYUNTAMIENTO DE CARBALLIÑO PARA EL AÑO 2021.

Primera. -Objeto

1 El objeto de esta convocatoria es regular el procedimiento para la concesión, en competición competitiva, de las subvenciones a los deportistas de alto nivel inscritos en el Ayuntamiento de Carballiño durante el año 2021, con el fin de contribuir al mantenimiento de una amplia y orientada actividad deportiva al público en general y basada principalmente en los conceptos de deporte-salud y deporte para todos, así como la promoción y desarrollo de diferentes deportes desde su base, para una concienciación de los niños sobre la importancia del deporte y la actividad física desde el punto de vista de la salud, como instrumento socializador y como alternativa a la ocupación menos saludable del tiempo libre.

2. A los efectos de esta convocatoria, se considera que los deportistas de alto nivel cumplen los siguientes requisitos:

- Deportistas que realicen actividades físico-deportivas que impliquen la práctica de disciplinas deportivas reconocidas por las federaciones deportivas con carácter competitivo y que participen en campeonatos y torneos a nivel regional, nacional o internacional.

3. Quedan expresamente excluidas de esta convocatoria las siguientes actividades:

a) Actividades que, por su naturaleza, no puedan ser calificadas como actividades físico-deportivas, de acuerdo con la definición que se establece en el apartado 2 de esta base.

